

CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NA COMARCA TERRA DE SONEIRA. Ano 2019


Este estudo elabórase en base aos datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ao paro rexistrado como ás contratacións realizadas na comarca.

O desemprego rexistrado na Comarca de Terra de Soneira no ano 2019 foi do **1.42% do desemprego rexistrado na provincia**, porcentaxe igual que no 2018 e inferior á dos cinco anos anteriores: 2017 (1.44%), 2016 (1.51%), 2015 e 2014 (1.57% en cada un deles) e 2013 (1.70%). Isto amosa que o desemprego na provincia creceu ao mesmo ritmo que na comarca durante o ano 2019.

Atendendo á demanda de emprego por concellos, inscritos en decembro do 2019, Vimianzo conta cun 40.55% (40.43% no 2018) dos inscritos na comarca, Camariñas cun 37.18% (37.17% no 2018) e Zas cun 22.27% (22.40% no 2018). Este ano cómpre destacar que aumentou a porcentaxe de persoas desempregadas nos concellos de Vimianzo (0.12%) e Camariñas (0.01%) e descendeu no de Zas (-013%). No ano 2018 tiñamos a mesma tendencia aínda que nos concellos de Camariñas e Vimianzo aumentara máis a porcentaxe de persoas desempregadas respecto do ano anterior o que favorecía, polo tanto, unha maior diminución no concello de Zas.

O desemprego comarcal segundo a idade e o sexo

O paro da comarca ao longo do ano 2019 non segue a mesma tendencia en homes e mulleres. Diminúe no caso dos homes o número de desempregados no segundo e terceiro trimestre para aumentar de novo no derradeiro trimestre do ano. En canto as mulleres temos menos desempregadas no segundo trimestre, mantéñense os datos do trimestre anterior no terceiro, para aumentar de novo no cuarto trimestre do ano.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 62.33%, (59.23% nos anos 2018 e 2017). No caso dos homes a media porcentual sitúase no 37.67% (40.77% no 2018 e 2017), producíndose a máxima diferenza

porcentual a favor dos homes (maior porcentaxe de desempregados no trimestre respecto do número de persoas desempregadas sen ter en conta a variable sexo) no cuarto trimestre do ano e a favor das mulleres no terceiro. Cómpre destacar que o desemprego feminino aumentou un 3.1% en relación co desemprego masculino con respecto aos datos do ano anterior. A media trimestral delas foi de 569 paradas, dato inferior á media trimestral do ano anterior (580). Os homes desempregados presentan unha media de 344, sensiblemente inferior aos 399 de media trimestral do ano 2018.

Cadro nº1: DESEMPREGADOS POR SEXO


| 2019 | Homes | Mulleres | TOTAL | PROVINCIA |
|-----------------|-------|----------|------------|--------------|
| Primeiro | 364 | 595 | 959 | 67394 |
| Segundo | 335 | 553 | 888 | 61885 |
| Terceiro | 298 | 553 | 851 | 62699 |
| Cuarto | 378 | 574 | 952 | 65747 |

Cadro nº 2: DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE

| | - 25 anos | 25-34 anos | 35-44 anos | 45-54 anos | 55 e máis | TOTAL |
|-----------------|-----------|------------|------------|------------|-----------|------------|
| PRIMEIRO | 45 | 120 | 203 | 262 | 329 | 959 |
| SEGUNDO | 37 | 118 | 171 | 225 | 337 | 888 |
| TERCEIRO | 31 | 112 | 163 | 212 | 333 | 851 |
| CUARTO | 47 | 137 | 179 | 240 | 349 | 952 |

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos que as **maiores porcentaxes de desempregados se sitúan nos grupos de maiores de 45 anos**

cunha media do 62.66% (61.40% no 2018 e 60.54% no 2017) e **no grupo de entre 25 – 44 anos** cunha media do 32.96% do paro rexistrado (34.51% no 2018 e 35.56% no 2017). Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de



media un 4.38% do desemprego comarcal (4.09% no 2018 e 3.90% no 2017). Este ano ao igual que nos dous anos anteriores a porcentaxe de desemprego aumentou nos maiores de 45 anos, (1.26% no 2019 respecto do ano anterior) descendendo no grupo de entre 25-44 anos (-1.55%). Os menores de vinte e cinco anos aumentaron respecto do ano 2018 (0.29%).


Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

| | - 25 anos | 25-34 anos | 35-44 anos | 45-54 anos | 55 e máis | TOTAL |
|-----------------|-----------|------------|------------|------------|-----------|------------|
| PRIMEIRO | 22 | 71 | 149 | 179 | 174 | 595 |
| SEGUNDO | 16 | 75 | 127 | 152 | 183 | 553 |
| TERCEIRO | 11 | 82 | 122 | 147 | 191 | 553 |
| CUARTO | 18 | 85 | 118 | 161 | 192 | 574 |

Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE

| | - 25 anos | 25-34 anos | 35-44 anos | 45-54 anos | 55 e máis | TOTAL |
|-----------------|-----------|------------|------------|------------|-----------|------------|
| PRIMEIRO | 23 | 49 | 54 | 83 | 155 | 364 |
| SEGUNDO | 21 | 43 | 44 | 73 | 154 | 335 |
| TERCEIRO | 20 | 30 | 41 | 65 | 142 | 298 |
| CUARTO | 29 | 52 | 61 | 79 | 157 | 378 |

O **paro feminino** caracterízase por aumentar a porcentaxe do ano anterior. De novo as mulleres son maioría entre as persoas desempregadas, seguindo a tendencia de anos




anteriores só rachada polos datos do 2012 e 2013 no que a porcentaxe de homes desempregados superaba a de mulleres. **O maior número de desempregadas atopámolas nos grupos de idade que van dos 45 - 54 anos e o de maiores de 55.** A maior diferenza a favor das mulleres

respecto dos homes observámola no grupo de menos de 25 anos, (máis de 55 anos no 2018).

As maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse **nos grupos de máis de 55 anos, seguido do grupo de 45 - 54 anos.**

O período de descenso do paro durante os meses de verán afecta especialmente aos desempregados de 25-34 anos e aos de máis de 55 anos. No 2018, o grupo no que descendía máis o paro no terceiro trimestre era no de 45 – 54 anos.



O nivel de instrución e desemprego



O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 56.60% (59% no 2018 e 59.63% no 2017) de persoas desempregadas que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 25.29% (23.52% no 2018 e 23.30% no 2017) só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 3.51% (3.75% no 2018 e 3.48% no 2017) de demandantes de emprego posúen titulación universitaria.

Este ano aumentou a porcentaxe de persoas desempregadas con formación media (0.87% máis que no 2018), e descendeu a de titulación superior (-0.24 puntos). O paro segue a afectar maioritariamente aos desempregados sen ESO.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCCIÓN

| | PRIMEIRO | | SEGUNDO | | TERCEIRO | | CUARTO | |
|--------------------------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|
| | H | M | H | M | H | M | H | M |
| UNIVERSITARIOS | 5 | 29 | 6 | 19 | 6 | 28 | 8 | 27 |
| BUP/BACHARELATO SUPERIOR/COU | 7 | 17 | 6 | 22 | 7 | 26 | 6 | 26 |
| FORMACIÓN PROFESIONAL | 30 | 83 | 32 | 70 | 26 | 66 | 38 | 71 |
| ENSINANZA OBRIGATORIA | 72 | 170 | 59 | 164 | 53 | 154 | 85 | 166 |
| ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE * | 250 | 296 | 232 | 278 | 206 | 279 | 241 | 284 |
| TOTAL | 364 | 595 | 335 | 553 | 298 | 553 | 378 | 574 |

* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.





O desemprego por sectores económicos


Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

| | 1º Trimestre | | | 2º Trimestre | | | 3º Trimestre | | | 4º Trimestre | | |
|----------------------|--------------|-----|-------|--------------|-----|-------|--------------|-----|-------|--------------|-----|-------|
| | M | H | TOTAL | M | H | TOTAL | M | H | TOTAL | M | H | TOTAL |
| SECTOR PRIMARIO | 23 | 35 | 58 | 21 | 37 | 58 | 14 | 33 | 47 | 18 | 39 | 57 |
| SECTOR SECUNDARIO | 121 | 36 | 157 | 123 | 38 | 161 | 131 | 32 | 163 | 113 | 34 | 147 |
| SECTOR CONSTRUCCIÓN | 12 | 113 | 125 | 15 | 109 | 124 | 13 | 91 | 104 | 12 | 134 | 146 |
| SECTOR SERVICIOS | 399 | 169 | 568 | 360 | 141 | 501 | 357 | 128 | 485 | 385 | 159 | 544 |
| SEN EMPREGO ANTERIOR | 40 | 11 | 51 | 34 | 10 | 44 | 38 | 14 | 52 | 46 | 12 | 58 |
| CON EMPREGO ANTERIOR | 555 | 353 | 908 | 519 | 325 | 844 | 515 | 284 | 799 | 528 | 366 | 894 |
| Total | 595 | 364 | 959 | 553 | 335 | 888 | 553 | 298 | 851 | 574 | 378 | 952 |

Máis do 94% das persoas desempregadas da Terra de Soneira son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 6% é demandante de primeiro emprego. No 2019 mantense a porcentaxe das persoas que traballaron con anterioridade respecto do ano anterior, no 2018 aumentara un 1% en relación aos anos 2017, 2016 e 2015 que tiñan idéntica porcentaxe. Se analizamos os datos tendo en conta a variable sexo, observamos que a porcentaxe de mulleres desempregadas en busca de primeiro emprego é superior á porcentaxe de homes nesta situación nun 3.53%.





Os sectores con maior cantidade de persoas desempregadas son o sector servizos e o sector secundario, continuando a mesma pauta do ano anterior. Atendendo á evolución por trimestres observamos distintos comportamentos segundo os sectores de actividade. Diminúen o número de persoas desempregadas no segundo trimestre nos sectores da construción e servizos, mantense o número no sector primario e aumenta no sector secundario. No terceiro trimestre do ano temos unha diminución respecto do trimestre anterior en tódolos sectores agás no secundario. No derradeiro trimestre do ano aumenta o número de persoas en procura de emprego en tódolos sectores respecto do trimestre anterior agás no sector secundario.



Se temos en conta a variable sexo, o comportamento do desemprego nos distintos sectores varía considerablemente. En canto aos homes, o maior número de desempregados atopámolo no sector servizos, seguido da construción, a continuación situaríanse os sectores primario e secundario.


Se avaliamos os datos das mulleres o maior número de desempregadas atopámolo no sector servizos, seguido a bastante distancia do sector secundario. O número de mulleres desempregadas no sector primario e na construción é moi baixo en comparación cos outros sectores de actividade, isto débese ao feito de que as mulleres non soen demandar traballo nestes sectores.



A contratación na comarca por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

| | 1º Trimestre | | | 2º Trimestre | | | 3º Trimestre | | | 4º Trimestre | | |
|---------------------|--------------|------------|-------------|--------------|------------|-------------|--------------|------------|-------------|--------------|------------|------------|
| | M | H | Total | M | H | Total | M | H | Total | M | H | Total |
| SECTOR PRIMARIO | 7 | 119 | 126 | 18 | 118 | 136 | 10 | 87 | 97 | 15 | 69 | 84 |
| SECTOR SECUNDARIO | 61 | 40 | 101 | 63 | 52 | 115 | 40 | 53 | 93 | 39 | 30 | 69 |
| SECTOR CONSTRUCCIÓN | 5 | 142 | 147 | 3 | 214 | 217 | 3 | 118 | 121 | 8 | 55 | 63 |
| SECTOR SERVICIOS | 361 | 281 | 642 | 458 | 360 | 818 | 609 | 463 | 1072 | 388 | 251 | 639 |
| TOTAL | 434 | 582 | 1016 | 542 | 744 | 1286 | 662 | 721 | 1383 | 450 | 405 | 855 |




No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que esta aumenta no segundo trimestre en tódolos sectores. No terceiro trimestre (época de verán) aumenta a contratación considerablemente no sector servizos, mentres que descende no resto de sectores, especialmente na construción, respecto do

trimestre anterior. Os datos máis positivos neste trimestre atopámoslos no sector servizos (254 contratos máis no terceiro trimestre que no segundo). Esta alza no sector servizos fai que este sexa o trimestre de maior contratación en todo o ano. No cuarto trimestre prodúcese un descenso nas contratacións en tódolos sectores respecto do trimestre anterior (-528 contratos). A maior diminución atopámola no sector servizos (433 contratos menos que no trimestre anterior). Este sería o trimestre do ano no que se producen menos contratacións no 2019.


Na contratación que se efectúa na comarca este ano destaca o seu carácter maioritariamente masculino 54.01% (53.55% no 2018 e 52.89% no 2017). As contratacións femininas representan o 45.99% (46.45% no 2018 e 47.11% no 2017). Este ano cómpre destacar que continúa a tendencia do 2018, descendeu respecto do ano anterior a porcentaxe de contratos femininos (-0.46%). Os sectores máis masculinizados son o primario e a construción. Os sectores nos que o número de contratacións das mulleres supera ao dos homes son o sector secundario e, especialmente, o sector servizos.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que, durante o 2019, **os homes se incorporan ao mercado de traballo en maior número que as mulleres en tódolos trimestres do ano agás no cuarto.** A menor diferenza entre o número de contratacións tendo en conta a variable sexo témola no derradeiro trimestre do ano (45 contratos máis de mulleres) mentres que as maiores diferenzas se producen no segundo cunha diferenza de 202 contratos a favor dos homes. Se comparamos estes datos cos do 2018 vemos que continúa a mesma tendencia xa que os homes se incorporaban ao mercado de traballo en maior número que as mulleres en tres trimestres do ano.


Evolución da contratación




Neste primeiro trimestre as contratacións masculinas superan ás femininas no sector primario e construción mentres que no sector servizos e secundario priman o número de contratos femininos sobre os masculinos. Os mellores datos nas mulleres atopámoslos, por moita diferenza, no sector servizos. No caso dos homes o maior número de contratos corresponden ao sector servizos seguido da construción e o sector primario.



Neste segundo trimestre, como xa se comentou, é no que se produce a maior diferenza entre o número de contratacións masculinas e femininas, (202) a favor dos homes. Por sectores os homes son máis contratados nos sectores primario e construción, as mulleres superan aos homes nos sectores secundario e servizos. A presenza das mulleres no sector da construción é insignificante (3 contratos fronte a 214 dos homes).



Como se pode observar neste terceiro trimestre, coincidindo cos meses de verán, é no que se rexistra maior número de contratacións en todo o ano. Aínda que descende o número de contratos non sectores primario, secundario e da construción, os bos datos do sector servizos (1072 contratos) posibilitan este aumento na contratación. O número de contratacións masculinas supera ás femininas en tódolos sectores de actividade agás no sector servizos.



No cuarto trimestre as mulleres superan en número de contratacións aos homes por primeira vez no ano (+45 contratos). Diminúe o número de contratos en tódolos sectores respecto do trimestre anterior. O forte descenso no sector servizos e na construción fai que este sexa o trimestre co menor número de contratacións de todo o ano (-161 contratos) en relación co seguinte de menor contratación.

As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Para esta análise collemos as 10 ocupacións nas que se realizan máis contratacións cada mes por sexo e agrupámolas por trimestres.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA. MULLERES

| | 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre | 4º Trimestre |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| CAMAREIROS ASALARIADOS | 86 | 106 | 209 | 104 |
| AXUDANTES DE COCIÑA | 55 | 61 | 101 | 68 |
| AUXILIARES DE ENFERMERÍA HOSPITALARIA | 36 | 45 | 35 | 28 |
| TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE | 35 | | | |
| VENDEDORES EN TENDAS E ALMACENS | 25 | 30 | 28 | 15 |
| TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO | 25 | 28 | 31 | 35 |
| PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS | 20 | 30 | 10 | 12 |
| PERSONAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES | 17 | 15 | 31 | 16 |
| COCIÑEIROS ASALARIADOS | 16 | 30 | 29 | 26 |
| MATACHINS E TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS CARNICAS | 9 | | | |
| MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO | | 15 | | |
| EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES | | 11 | | 14 |
| COREOGRAFOS E BAILARINS | | | 12 | |
| BOMBEIROS FORESTAIS | | | 10 | |
| OUTRO PERSONAL DE LIMPEZA | | | 10 | |
| EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS SEN TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES | | | | 20 |

No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas (16) (17 no 2018), atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: camareiros asalariados; axudantes de cociña; auxiliares de enfermería hospitalaria; vendedores en tendas e almacéns; traballadores dos coidados persoais a domicilio; peóns das industrias manufactureiras; persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; cociñeiros asalariados. Estas ocupacións constitúen o 50% das ocupacións analizadas (47.06% no 2018).
2. Ocupacións que só destacan nun trimestre: traballadores das industrias do peixe; matachíns e traballadores das industrias cárnicas; monitores de actividades recreativas e de entretemento; coreógrafos e bailaríns; bombeiros forestais; outro persoal de limpeza; empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes.
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre as mulleres chámamnos a atención oito epígrafes: camareiros asalariados; axudantes de cociña; cociñeiros asalariados; auxiliares de enfermería hospitalaria; matachíns e traballadores das industrias cárnicas; coreógrafos e bailaríns; bombeiros forestais; empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes.

As ocupacións camareiros asalariados; axudantes de cociña; cociñeiros asalariados; destacámolas este ano porque, aínda que aparecen entre as máis contratadas no ámbito feminino nos dez últimos anos, no 2019 aumentaron o número de contratos asinados respecto do ano anterior. No caso de camareiros asalariados de 443 a 505, axudantes de cociña de 259 a 285 e os cociñeiros asalariados de 53 a 101.

A hostalería é unha das actividades principais de colocación na comarca. Das dez ocupacións máis contratadas en Terra de Soneira entre as mulleres no 2019, que ao final de ano totaliza 1539 contratos asinados, 891 corresponderían a algunha destas tres ocupacións, o que supón o 57.89% dos contratos. Moitas das contratacións están ligadas a eventos concretos ou son de tipo estacional pero indican a importancia deste sector na actividade empresarial comarcal.

Respecto da ocupación auxiliares de enfermería hospitalaria temos o mesmo número de contratacións que no ano 2018 (144). As contratacións prodúcense ao longo de tódolos meses do ano (no 2018 en todos agás xaneiro), única e exclusivamente no concello de Vimianzo. Á vista destes resultados, como indicamos o ano anterior, podemos concluír que probablemente os contratos se correspondan co xeriátrico de Vimianzo e coa empresa Reacteda que xestiona principalmente servizos de axuda a domicilio polo que estaríamos seguramente ante un erro de codificación e no caso destes contratos sería máis exacto computa-las contratacións co código coidadores de persoas con discapacidade e/ou dependencia en institucións, no caso das contratacións do xeriátrico e o de traballadores dos coidados persoais a domicilio no caso da empresa Reacteda.

En relación coa ocupación de matachíns e traballadores das industrias cárnicas sinalar que non aparecía na comarca entre as máis contratadas nas mulleres dende o ano 2011. Atopamos 9 contratacións no mes de marzo (8 en Vimianzo e unha en Zas).

A ocupación coreógrafos e bailaríns é a primeira vez que a atopamos na comarca. Os 12 contratos asinados, 6 en agosto e 6 en setembro estarían repartidos do seguinte xeito: os 6 de agosto no concello de Vimianzo e os de setembro 3 en Vimianzo e 3 en Camariñas. Consideramos que as pautas destas contratacións poderían indicar que estamos ante contratos de carácter estacional ou que, nalgún caso as do mes de setembro, estarían vinculadas a actividades culturais ou extraescolares ofertadas polos concellos ou centros educativos durante o curso escolar.

A ocupación bombeiros forestais destacámola por ser a primeira vez que aparece entre as máis contratadas no ámbito feminino. Os dez contratos asinados concéntranse no mes de xullo no concello de Vimianzo. Estaríamos ante contratacións de tipo estacional (verán) vinculados probablemente a administracións e empresas públicas (concello, Xunta de Galicia, Seaga).

Por último destacar a ocupación empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes. Aínda que as ocupacións da rama administrativa adoitan estar entre as máis contratadas no ámbito feminino, os administrativos sen tarefas de atención ao público non aparecían na comarca dende o ano 2016. As 20 contratacións se concentran nos meses de novembro (6) e decembro (14). Dos seis contratos asinados en novembro temos catro en Camariñas, un en Vimianzo e un en Zas, as catorce contratacións de decembro corresponderían a Camariñas. Como sinalamos no estudo do paro rexistrado no concello de Camariñas no ano 2019 ao analizar as contratacións desta ocupación a pesares de tentar investigar en que sectores ou traballos concretos se produciran non conseguimos datos nin a través do noso coñecemento do tecido empresarial do concello nin a través da oficina de emprego.

Cadro nº 9: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA. HOMES

| | 1º Trimestre | 2º Trimestre | 3º Trimestre | 4º Trimestre |
|-----------------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| CAMAREIROS ASALARIADOS | 188 | 195 | 251 | 163 |
| ALBANEIS | 35 | 29 | 16 | 12 |
| PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES | 35 | 51 | 29 | 22 |
| CARPINTEIROS (AGÁS EBANISTAS) | 25 | 93 | 59 | |
| MARIÑEIROS DE PONTE, MARIÑEIROS DE MÁQUINAS E AFÍNS | 17 | 21 | 13 | 10 |
| PEONS DA PESCA | 17 | | | 8 |
| CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS | 11 | | 14 | |
| ENCOFRADORES E OPERARIOS DE POSTA EN OBRA DE FORMIGON | 11 | | | |
| SOLLADORES, COLOCADORES DE PARQUÉ E AFÍNS | 9 | | | |
| PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS | 8 | 10 | | |
| MONTADORES DE ESTRUTURAS METÁLICAS | | 31 | | |
| COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES | | 17 | | |
| CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓNS | | 15 | 18 | 8 |
| PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS | | 11 | | |
| MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO | | 10 | | |
| BOMBEIROS FORESTAIS | | | 20 | |
| CONDUTORES DE AUTOBUSES E TRANVÍAS | | | 19 | |
| OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA | | | 14 | |
| AXUDANTES DE COCIÑA | | | | 9 |
| FONTANEIROS | | | | 8 |
| PANADEIROS, PASTELEIROS E CONFITEIROS | | | | 8 |
| PESCADORES DE ALTURA | | | | 7 |
| TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO | | | | 7 |

En canto aos homes, nas ocupacións máis contratadas (23), (18 no 2018) atopamos 3 grupos pero só coinciden homes e mulleres en sete ocupacións (camareiros asalariados; axudantes de cociña; traballadores dos coidados persoais a domicilio; peóns das industrias manufactureiras; monitores de actividades recreativas e de entretemento; bombeiros forestais; outro persoal de limpeza)(unha no 2018) polo que apreciamos unha diminución na segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: camareiros asalariados; albaneis; pescadores de augas costeiras e augas doces; carpinteiros (agás ebanistas); mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; condutores asalariados de camións. Estas ocupacións constitúen o 26.09% das analizadas (44.44% no 2018).

2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: encofradores e operarios de posta en obra de formigón; solladores, colocadores de parqué e afíns; montadores de estruturas metálicas; compositores, músicos e cantantes; peóns de obras públicas; monitores de actividades recreativas e de entretemento; bombeiros forestais; condutores de autobuses e tranvías; outro persoal de limpeza; axudantes de cociña; fontaneiros; panadeiros, pasteiros e confiteiros; pescadores de altura; traballadores dos coidados persoais a domicilio.
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: peóns da pesca; condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas; peóns das industrias manufactureiras.

Dos datos anteriores das ocupacións máis contratadas entre os homes chámannos a atención as seguintes epígrafes: pescadores de augas costeiras e augas doces; carpinteiros (agás ebanistas); mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; peóns da pesca; encofradores e operarios de posta en obra de formigón; solladores, colocadores de parqué e afíns; montadores de estruturas metálicas; axudantes de cociña; fontaneiros; panadeiros, pasteiros e confiteiros; pescadores de altura; traballadores dos coidados persoais a domicilio.

En primeiro lugar destacamos este ano o incremento da contratación nas ocupacións relacionadas coa pesca, 230 contratos no 2019 fronte a 174 no 2018 se temos en conta as catro epígrafes que aparecen no ámbito masculino: pescadores de augas costeiras e augas doces; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; peóns da pesca; pescadores de altura. Cómpre sinalar que nestas ocupacións o 100% das contratacións se rexistran en Camariñas.

No caso da ocupación de carpinteiros (agás ebanistas) atopamos 177 contratacións (209 no 2018 e 224 no 2017) estariamos ante unha ocupación que está a reducir o número de contratacións nos dous últimos anos. Analizando os datos por meses e concellos vemos que se producen contratos en oito meses no concello de Vimianzo (175 en total) e en 2 meses no concello de Camariñas (1 contrato en xaneiro e 1 en setembro).

Respecto da ocupación de encofradores e operarios de posta en obra de formigón destacar que nos dez últimos anos só estivo entre as máis contratadas no ámbito masculino no ano 2011 con 51 contratos asinados. Neste 2019 temos 11 contratos no mes de marzo no concello de Zas.

Outra ocupación a analizar é a de solladores, colocadores de parqué e afíns que aínda que continúa aparecendo entre as máis contratadas descende moito no número de contratos asinados, 9 no 2019 fronte 38 no 2018. Os 9 contratos asináronse todos no mes de marzo no concello de Vimianzo. O ano pasado xa sinalabamos que esta ocupación non aparecía no 2017 entre as máis contratadas polo que o número de contratacións do 2018 podería ser consecuencia da reactivación no sector da construción nos concellos da zona e á construción do parador de Muxía. O alto descenso no 2019 podería estar vinculada á finalización da construción do parador de Muxía. Comprobaremos no vindeiro ano cal é a tendencia respecto da contratación nesta ocupación.

En relación coa ocupación de montadores de estruturas metálicas destacar que é a primeira vez que aparece nos dez últimos anos. Este ano asináronse 31 contratos (10 en abril, 5 en maio e 16 en xuño), 30 deles en Vimianzo e só un en Camariñas. Pensamos que estas contratacións poden estar vinculadas á construción de dous parques eólicos en Vimianzo polo que estaríamos ante unha ocupación con contratacións puntuais para unha obra determinada. De tódolos xeitos o vindeiro ano comprobaremos se a nosa hipótese é certa ou si continúa entre as de maior contratación.

A ocupación de axudantes de cociña sinalar que dende o 2009 só apareceu entre as máis contratadas nos homes no ano 2016 (5 contratacións). Esta sería unha ocupación moi feminizada xa que si adoita estar entre as máis contratadas entre as mulleres. Este ano os homes asinaron 9 contratos (4 en outubro, 2 en novembro e 3 en decembro), 6 no concello de Vimianzo, 2 no de Camariñas e un no de Zas. Estaremos pendentes en vindeiros anos para ver si se consolida ou desaparece de novo a contratación no ámbito masculino.

Respecto a ocupación de fontaneiros comentar que figura entre as máis contratadas só nun trimestre, o derradeiro do ano, mentres que no 2018 atopábase esta ocupación en dous e no 2017 en tódolos trimestres do ano. No 2019 temos 8 contratos asinados (20 no 2018 e 46 no 2017) polo que observamos que o descenso no número de contratacións da ocupación está a ser moi significativo nos dous últimos anos. Os 8 contratos asináronse en decembro, 7 en Camariñas e 1 en Vimianzo.


A ocupación panadeiros, pasteiros e confiteiros é a primeira vez que a atopamos entre os homes na comarca. Dos 8 contratos asinados, 3 en outubro, 3 en novembro e 2 en decembro sete corresponden ao concello de Vimianzo e un (no mes de novembro) ao de Camariñas.

Finalmente teríamos aos traballadores dos coidados persoais a domicilio. Ao igual que a ocupación de axudantes de cociña sinalar que dende o 2009 só apareceu entre as máis contratadas nos homes nun ano (2016 con 13 contratos). Estaríamos, novamente, ante unha ocupación moi feminizada xa que si soe estar entre as máis contratadas entre as mulleres. Este ano nos homes temos 7 contratos (5 en outubro e 2 en decembro), 5 en Vimianzo e 2 no concello de Zas. Estaremos pendentes en vindeiros anos para ver si se consolida ou desaparece de novo a contratación no ámbito masculino.

Á vista dos anteriores resultados podemos concluír que as ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ao longo do ano. Entre as 10 ocupacións nas que se produce un maior número de contratos en cada trimestre, que ao final do ano da lugar a 16 ocupacións no caso das mulleres e 23 no caso dos homes, coinciden homes e mulleres en sete (unha no 2018), o que reflicte unha diminución na segregación horizontal por sexos, como xa se sinalou.


Cadro nº 10: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.

| | 1ºTRIMESTRE | 2ºTRIMESTRE | 3ºTRIMESTRE | 4ºTRIMESTRE |
|--------------------------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Persoal de limpeza ou limpador, en xeral | 287 | 264 | 273 | 284 |
| Dependentes de comercio, en xeral | 156 | 154 | 150 | 171 |
| Mozos de recollida de lixos - vertedoiros | 147 | 139 | 135 | 145 |
| Peóns de obras públicas, en xeral | 118 | 103 | 107 | 116 |
| Peóns forestais | 80 | 78 | 74 | 79 |
| Pinches de cociña | 80 | 69 | 62 | 65 |
| Caixeiros de comercio | 78 | 77 | 75 | 88 |
| Repoñedores de hipermercado | 77 | 71 | 69 | 71 |
| Empregados administrativos, en xeral | 66 | 58 | 62 | 71 |
| Camareiros de pisos (hostalería) | 65 | 59 | 66 | 70 |




Cadro nº 11: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.

| | 1ºTRIMESTRE | 2ºTRIMESTRE | 3ºTRIMESTRE | 4ºTRIMESTRE |
|--------------------------------------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Peóns de obras públicas, en xeral | 149 | 130 | 106 | 142 |
| Peóns da construción de edificios | 100 | 85 | 78 | 95 |
| Mozos de recollida de lixos - vertedoiros | 98 | 89 | 70 | 87 |
| Peóns forestais | 94 | 89 | 70 | 91 |
| Albaneis | 93 | 82 | 71 | 97 |
| Condutores de furgonetas ata 3.5 T | 38 | 36 | 32 | 46 |
| Encofradores | 35 | 29 | 28 | 40 |
| Persoal de limpeza ou limpador, en xeral | 29 | | | |
| Traballadores de retén de incendios forestais | 27 | 24 | | 28 |
| Condutores de camións, en xeral | 24 | 24 | 20 | 30 |
| Mozos de carga e descarga, almacén e / ou mercado de abastos | | 28 | 29 | 35 |
| Carpinteiros, en xeral | | | 17 | |



Cadro nº 12: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NA COMARCA

| | CONTRATOS | | | DEMANDAS | | |
|-------------------------------------------------------------------------|-----------|-------|-------|----------|-------|-------|
| | MULLERES | HOMES | TOTAL | MULLERES | HOMES | TOTAL |
| PEÓNS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS | 72 | 18 | 90 | | | |
| SERVIZOS A PERSOAS DEPENDENTES | 119 | 7 | 126 | | | |
| OCUPAC. RELACIONADAS CO COMERCIO | 98 | | 98 | 309 | | 309 |
| OCUPAC. RELACIONADAS COA RESTAURACIÓN | 891 | 806 | 1697 | 69 | | 69 |
| OCUPAC. RELACIONADAS COA LIMPEZA | 89 | 14 | 103 | 342 | 29 | 371 |
| OCUPACIÓNS AGROFORESTAIS | 10 | 20 | 30 | 78 | 111 | 189 |
| TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS | | 85 | 85 | | 93 | 93 |
| OCUPACIÓNS DE TIPO ADMINISTRATIVO | 45 | | 45 | 64 | | 64 |
| OCUPACIÓNS ALIMENTARIAS | 44 | 8 | 52 | | | |
| MANTEMENTO VÍAS, LIMPEZA PRAIAS E CONDUTORES DE MAQUINARIA DE TERRAS | | 11 | 11 | 252 | 218 | 470 |
| ACTIVIDADES SANITARIAS | 144 | | 144 | | | |
| OCIO E TEMPO DE LECER | 27 | 27 | 54 | | | |
| OCUPAC. RELACIONADAS COA PESCA | | 230 | 230 | | | |
| CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS | | 134 | 134 | | 208 | 208 |
| OUTRAS OCUPAC. DA CONSTRUCCIÓN RELACIONADAS CO ACABADO DE EDIFICIOS | | 194 | 194 | | 17 | 17 |



Para poder comparar mellor as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupámolas por CNO (código nacional de ocupación) similares, dentro do mesmo sector cos seguintes criterios:

- Peóns das industrias manufactureiras: non se agrupa con ningunha outra ocupación porque falta información sobre o sector concreto de ocupación.
- Servizos a persoas dependentes: traballadores dos coidados persoais a domicilio.
- Ocupacións relacionadas co comercio: vendedores en tendas e almacéns; dependentes de comercio, en xeral; caixeiros de comercio; repoñedores de hipermercado.
- Ocupacións relacionadas coa restauración: camareiros asalariados; axudantes de cociña; cociñeiros asalariados; pinches de cociña.
- Ocupacións relacionadas coa limpeza: persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; outro persoal de limpeza; persoal de limpeza ou limpador, en xeral; camareiros de pisos (hostalería).
- Ocupacións agroforestais: bombeiros forestais; peóns forestais; traballadores de retén de incendios forestais.
- Transporte e mantemento de vehículos: condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas; condutores asalariados de camións; condutores de autobuses e tranvías; condutores de furgonetas ata 3.5 T; condutores de camións, en xeral; mozos de carga e descarga, almacén e/ou mercado de abastos.
- Ocupacións de tipo administrativo: empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes; empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes; empregados administrativos, en xeral.
- Ocupacións alimentarias: traballadores das industrias do peixe; matachíns e traballadores das industrias cárnicas; panadeiros, pasteiros e confiteiros.
- Mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras: mozos de recollida de lixos – vertedoiros; peóns de obras públicas, en xeral; peóns de obras públicas.
- Actividades sanitarias: auxiliares de enfermería hospitalaria.
- Ocio e tempo de lecer: monitores de actividades recreativas e de entretemento; coreógrafos e bailaríns; compositores, músicos e cantantes.

- Ocupacións relacionadas coa pesca: pescadores de augas costeiras e augas doces; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; peóns da pesca; pescadores de altura;
- Construción de edificios: albaneis; encofradores e operarios de posta en obra de formigón; montadores de estruturas metálicas; peóns da construción de edificios; encofradores.
- Outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios: carpinteiros (agás ebanistas); solladores, colocadores de parqué e afíns; fontaneiros; carpinteiros, en xeral.

Co fin de realizar a comparación dos datos numéricos cómpre indicar que collemos os datos das 10 ocupacións máis demandadas e as 10 máis contratadas en cada trimestre no ámbito masculino e no ámbito feminino. O número de contratos que aparecen no cadro 12 está realizado a partir do sumatorio das táboas de contratación. En canto ás demandas calculamos a media trimestral que correspondería a cada ocupación e sumamos as ditas medias segundo os nosos grupos sectoriais.

Se realizamos a comparación entres as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO segundo os criterios anteriormente sinalados, podemos concluí-lo seguinte:

1.- En varias das ocupacións analizadas (7) (7 tamén no 2018) atopamos un número superior de demandas con respecto do número de contratacións, concretamente nas ocupacións relacionadas co comercio; coa limpeza; agroforestais; transporte e mantemento de vehículos; ocupacións de tipo administrativo; mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras; construción de edificios. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda que na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.

2.- Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con seis (7 no 2018) das estudadas: peóns das industrias manufactureiras; servizos a persoas dependentes; ocupacións alimentarias; actividades sanitarias; ocio e tempo de lecer; ocupacións relacionadas coa pesca. Isto indicaría que, probablemente, parte deste tipo de contratacións non se están a facer a través do SPEG.

3.- No caso das ocupacións relacionadas coa restauración e outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios, aínda que aparecen entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes, que probablemente ao igual que no caso anterior non se estarían a xestionar a través do SPEG.

4.- Este ano, ao igual que no 2018 e 2017, non temos ningunha ocupación entre as máis demandadas que non aparece entre as máis contratadas o que podería apuntar a unha mellor adecuación entre oferta e demanda e á mellor orientación e intermediación laboral no territorio se esta tendencia se confirma en próximos anos.

Cómpre salientar que as ocupacións mozos de recollida de lixos – vertedoiros e peóns de obras públicas, en xeral son dúas das ocupacións máis demandadas en ambos sexos porque son códigos que os concellos utilizan para as súas ofertas de limpeza de praias, rúas e mantemento de vías e obras polo que as persoas demandantes desta ocupación solicitan este traballo aínda que despois non aparece reflectido nos contratos porque se especifican ocupacións como persoal de limpeza de praias, operario de servizos múltiples,...

Aínda que este ano o número de demandas nas 10 ocupacións máis demandadas (1790) é inferior ao do ano 2018 (2041) continúa a tendencia dun gran número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas. Así destacamos as ocupacións de mantemento de vías e limpeza de praias e as ocupacións agroforestais. Cómpre salientar que esta tendencia da demanda feminina vén favorecida pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías, cuadrillas de extinción de incendios...

No 2019 observamos un aumento significativo, respecto do 2018, no número de contratacións nas ocupacións de peóns das industrias manufactureiras; servizos a persoas dependentes; ocupacións relacionadas coa restauración; limpeza; de tipo administrativo; alimentarias; relacionadas coa pesca; construción de edificios. Pola contra temos un descenso significativo nas ocupacións agroforestais; de transporte e mantemento de vehículos e, principalmente, noutras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios. Este ano desaparecen do cadro de ocupacións máis contratadas as relacionadas co téxtil e os traballadores non cualificados, respecto do cadro do ano 2018.

O número de contratos do 2019 (3093) nas dez ocupacións máis contratadas é superior ao do ano 2018 (2843). Non coñecemos a calidade da contratación xa que a maioría dos contratos son de duración temporal e, despois de profundar algo no tema chegamos á conclusión de que algunhas das contratacións son por días soltos.

Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara a demanda naquelas ocupacións de postos que non se cobren. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ó existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos semellantes.

Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto

De todo isto concluimos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.